

FEAs: PLAN DE TRANSICIÓN XERACIONAL (2025)

No DOG do 21.07.2025 publicitouse o terceiro **programa temporal para a transición xeracional** do persoal facultativo das institucións hospitalarias do SERGAS, dirixido ao novo persoal especialista.

CCOO recórdalle ao SERGAS que ten denunciado o Plan de Transición Xeracional dos anos **2023** e **2024** diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

CCCO solicitoulle ós dous últimos Conselleiros de Sanidade que o fixeran doutra maneira, **sen que prexudicase ós profesionais que están nas listas de contratación** vixentes.

CCOO pide que se oferten eses **78 contratos** a través das listas de contratación.

Como desde a Consellería de Sanidade nin se atenden as reclamacións de **CCOO** nin queren sequer falar do tema para atopar posibles solucións, **este ano 2025 CCOO volverá a denunciar** diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o Plan para a Transición Xeracional.

CCOO NON AVALA procesos que non respecten a igualdade, mérito e capacidade no emprego público.

Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOO

22 de xullo do 2025